



CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS E NOMEAMENTO DE TRIBUNAL

O Sr. Alcalde, o día 20 de agosto de 2026, e de conformidade co establecido na base quinta da convocatoria, ditou Resolución na que se contén a seguinte LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN unha praza de CONSERXE DO CEIP DO CORGO (media xornada). Na citada Resolución contense tamén O NOMEAMENTO DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN.

1. LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS:

LISTA DE ADMITIDOS

NOME	DNI	EXAME GALEGO
RODRIGUEZ ALVAREZ, MARIA SANDRA	**6215***	EXENTA
FERNANDEZ LOPEZ, MARIA VANESA	**5428***	EXENTA

LISTA DE EXCLUÍDOS

Non hai.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento.

2. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DA CONSTITUCIÓN:

PRESIDENTE: Sara Fernández Rey, directora do CEIP do Corgo

SECRETARIO: Ana J. Fernández Reiña, Xefe de Sección Administrativo do Concello do Corgo

VOGAL: M^a Belén Méndez Rodríguez, mestra do CEIP do Corgo.

VOGAL: M^a del Mar Marey Rodríguez, auxiliar administrativo do Concello do Corgo

VOGAL: Marta Jacob Trashorras, Axente de Emprego do Concello do Corgo.

SUPLENTES:

Constantino Vila Abuín, Xefe de Sección de Contabilidade do Concello do Corgo.

Rocío Díaz Núñez, Informadora Xuvenil do Concello do Corgo

Sonia Tallón Parga, Traballadora Social do Concello do Corgo

DATA DE CONSTITUCIÓN: venres, día 28 de agosto de 2026, ás 12:00 horas na Casa do Concello do Corgo.

O primeiro exercicio realizarase no prazo máximo de 140 días naturais desde a constitución do tribunal, anunciándose con 5 días naturais de antelación, como mínimo, e publicándose na páxina web do concello, taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

As sucesivas publicacións referentes á presente convocatoria realizaranse a través da páxina web www.concellodocorgo.com, no taboleiro de edictos da sede electrónica e nos lugares onde se realicen as probas.

O Corgo, 20 de agosto de 2026.- O alcalde, Felipe Labrada Reiña.

R. 2275

FOLGOSO DO COUREL*Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento deste Concello correspondente ó exercicio 2025 e informada a mesma pola Comisión Especial de Contas, expónse ó público por prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ó da inserción de presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que se estimen pertinentes, durante dito prazo e os 8 días seguintes, de conformidade co disposto nos artigos 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, 460.3 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Folgoso do Courel, 20 de agosto de 2026.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2276

A FONSAGRADA*Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 19 de agosto de 2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de xullo de 2026, polo importe total de 11.786,30 € (dependencia) e 359,60 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 19 de agosto de 2026.- O alcalde, Carlos López López.

R. 2267

LOURENZÁ*Anuncio*

Acordo do Pleno de data 2 de xullo de 2026, do Concello de Lourenzá, polo que se aproba definitivamente o expediente de modificación de créditos n.º 338/2026 do Orzamento en vigor, na modalidade de Crédito Extraordinario financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería.

Logo de aprobar definitivamente o expediente de Crédito Extraordinario financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, ao non haberse presentado alegacións, publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en Praza de Galicia, 1, 15004-A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Lourenzá, 19 de agosto de 2026.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 2268

Anuncio

Acordo do Pleno de data 2 de xullo de 2026 da entidade de Lourenzá polo que se aproba definitivamente a modificación de créditos do expediente 241/2026 do Orzamento en vigor, na modalidade de Suplemento de Crédito, con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería.

Logo de aprobar definitivamente o expediente de Suplemento de Crédito, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, ao non haberse presentado alegacións, publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Suplemento en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
231	227		60.000	41.600,84	101.600,84
		TOTAL			101.600,84

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, nos seguintes termos:

Suplemento en Concepto de Ingresos

Aplicación económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	870	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	41.600,84
			TOTAL INGRESOS	41.600,84

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Lugo con sede en Rúa Armando Durán, s/n, 27002 Lugo (Galicia). no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171. 3 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Lourenzá, 19 de agosto de 2026.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 2269

LUGO

Anuncio

Ilma. Sra. Dona María del Mar Carballas Piñeiro, Tenente de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á veciñanza e Benestar Animal do Excmo. Concello de Lugo, en virtude de designación da Alcaldía segundo o seu Decreto nº 4003/2026, do 12/05/2026, así como da delegación por acordo nº 40/607 da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2023, ditou na data de 18 de agosto de 2026 o Decreto número 7017/2026, polo que se aproba o padrón de Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con entradas de vehículos do exercicio 2026, e na data de 18 de agosto de 2026, o Decreto número 7019/2026, polo que se aproba o padrón do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do exercicio 2026.

Conforme ao disposto no art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria e no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral, os padróns aprobados quedan expostos ao público (no Servizo de Facenda Local, sito no Centro de Servizos Municipais da Ronda da Muralla, 197, 2º andar, en horario de 9:00 a 14:00), durante o prazo de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán examinalos e formular as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

No caso da non recepción ou extravío dos recibos, expediranse duplicados nas oficinas de Facenda Local do Centro de Servizos Municipais, sito na Ronda da Muralla, 197, 2º andar, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas, mediante atención personalizada, debendo os interesados acreditar tal condición, para os efectos de facilitarlles o acceso á información tributaria correspondente, por tratarse de datos protexidos de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Así mesmo, e de conformidade co artigo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Ilma. Tenente de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á veciñanza e Benestar Animal do Excmo. Concello de Lugo, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública dos padróns, sen prexuízo do disposto no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Lugo, 19 de agosto de 2026 .- A tenente de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á veciñanza e Benestar Animal, Ilma. dona María del Mar Carballas Piñeiro.

R. 2277

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria celebrada o día 10 de agosto do 2026, prestou arprobación ao proxecto de reparcelación do polígono 1 e 2 da zona “C”, con base no disposto no artigo 270.2 do decreto 143/2026 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia, expoñer novamente ao público no Boletín Oficial da Provincia por un período dun mes e nun dos periódicos de maior difusión da provincia, co obxecto de dar a máxima publicidade e transparencia, garantizando os dereitos dos/as afectados/as.

De non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación será elevada a definitiva sen máis trámite, segundo o disposto na lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Monforte de Lemos, 18 de agosto de 2026.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 2278

MONTERROSO

Anuncio

Logo de aprobar inicialmente mediante Decreto 2026-0884 do 18.08.2026, expediente de afectación do ben inmoble con referencia catastral 27032A037001660000PT sito en Leborei o recoñecemento da afección ao uso público viario dun camiño existente, cambiando a súa cualificación de ben patrimonial a ben de dominio público, de conformidade co artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sométese a información pública polo prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia, durante o cal o expediente estará dispoñible para a súa consulta polos seguintes medios: oficinas físicas do Concello de Monterroso e sede electrónica do Concello de Monterroso [dirección <https://monterroso.sedelectronica.gal/info.0>]. Aquelas persoas que puidesen terse como persoas interesadas poderán comparecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por conveniente.

Monterroso, 19 de agosto de 2026.- O alcalde- presidente, Eloy Pérez Sindín.

R. 2270

MURAS

Anuncio

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE GANDO DURANTE A FEIRA DO POLDRO E GANDO DOMONTE ANO 2026. Primeiro.- Obxecto.

Os premios preséntase cos seguintes obxectivos:

- Dinamizar o sector da gandería en Muras.
- Promover a exposición dos animais.
- Promover a carne criada en Muras como son a de poldro e a de vacún.
- Promover a compra e venda de gando tanto de residentes como de visitantes.
- Apostar pola profesionalidade do sector gandeiro, incentivando a participación e calidade dos participantes.

As vantaxes de participar para as gandarías son as seguintes:

- Contarán con promoción gratuíta dos seus animais podendo alcanzar novos mercados.
- Os premios reflectiranse tanto en carteis publicitarios, prensa e medios de comunicación audiovisual.
- Os animais serán xulgados por profesionais do sector.
- O Concello proporcionará ós participantes a inscrición gratuíta.
- Favorecerase a compra venda, xa que os veterinarios xulgarán os mellores animais da feira.
- Farase entrega de premios ós animais gañadores ó final da tarde.

As persoas visitantes poderán gozar da exposición, coñecendo os animais e gandarías participantes.

Segundo.- Participantes

Nesta edición de premios para a exposición de gando cabalar e vacún participarán todas as persoas físicas e xurídicas que se engloben dentro do ámbito da gandería e que asistan á feira e que queiran participar no concurso **PARA O CAL TEÑEN QUE SOLICITAR EXPRESAMENTE CURRO** e participación no concurso.

Terceiro.- Requisitos dos participantes.

Os participantes teñen que ter os animais debidamente documentados.

Quedan excluídos de participación no concurso aquel gando/cabalar cuxo uso exclusivo sexa deportivo e/ ou ocio.

Non poderá abonarse o premio a aqueles participantes que non se atopen ao corrente coas obrigas tributarias (AEAT, Atriga, Concello de Muras) e Seguridade Social.

Cuarto.- Prazo e lugar de inscrición

O prazo de inscrición de participantes será desde o momento de publicación destas bases ata o 22 de setembro de 2026.

As gandarías participantes deben cubrir a solicitude do anexo I que será presentada no rexistro do Concello de Muras ou a través da sede electrónica do Concello de Muras (https://muras.sedelectronica.gal/instancia_xeral) e entregala totalmente cumprimentada.

O día 23 de setembro publicárase na sede electrónica do Concello de Muras a listaxe de admitidos para participar no concurso de gando.

O prazo para realizar reclamacións á listaxe de participantes remata o día 25 de setembro de 2026 procedendo á publicación da listaxe definitiva.

A inscrición será totalmente gratuíta.

Quinto.- Normas de participación

Os aspirantes ós premios comprométese a cumprir os seguintes requisitos:

- Deberán presentar os seus animais debidamente documentados.
- Os participantes que non soliciten curro no prazo de inscrición, non poderán optar a premios.
- Os animais serán cualificados por veterinarios que seguirán unha táboa de parámetros (*)
- Os animais gañadores recibirán o premio correspondente á súa sección. O premio será entregado mediante transferencia bancaria para o cal será indispensable aportar certificado de titularidade de conta bancaria a nome do gañador do premio e copia do DNI.

O pagamento dos premios realizarase no prazo máximo de dez días naturais dende o 28 de setembro de 2026.

Sexto.- Data

O clasificación levarase a cabo durante a mañá do día 27 de Setembro, a hora de comezo serán as 10:30 horas.

Sétima.- O xurado

O xurado estará composto por tres Técnicos Veterinarios Cualificados:

- Dona Sonia Verdes Gil
- Don Manuel Doval Arza
- Don Jacobo Álvarez Torres

Os membros do xurado identificarán o animal inscrito na participación e acto seguido valorarán o participante cunhas táboas de cualificación para chegar ó veredicto final.

A decisión do xurado será irrevogable.

Dito veredicto debe constar en acta asinada polos membros do xurado; acta que será entregada ao Concello de Muras a través da sede electrónica ao remate da Feira.

Oitava.- Premios

Maior número de cabezas cabalar e/ou bovino

1º: 300€

2º: 200€

3º: 150€

4º: 100€

5º: 75€

Mellor semental cabalar

1º: 150€

2º: 100€

3º: 75€

Mellor egua

1º: 150€

2º: 100€

3º: 75€

Mellor lote cabalar

1º: 150€

2º: 100€

3º: 75€

Mellor cría cabalar do ano

1º: 150€

2º: 100€

3º: 75€

Mellor semental bovino

1º: 150€

2º: 100€

3º: 75€

Mellor vaca

1º: 150€

2º: 100€

3º: 75€

Mellor lote bovino

1º: 150€

2º: 100€

3º: 75€

Mellor cría bovina do ano

1º: 150€

2º: 100€

3º: 75€

Noveno.- Aceptación das bases

Unha vez asinada a solicitude de participación, os/as propietarios/as dos animais participantes no concurso aceptan as condicións establecidas nas presentes bases.

Décimo.- Publicación das bases

As presentes bases e os premios concedidos aos beneficiarios serán publicados na plataforma da Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) e no taboleiro electrónico do Concello de Muras.

O Concello, como entidade organizadora, resérvase o dereito de admisión á feira.

Muras, 18 de agosto de 2026.- A concelleira delegada, por resolución de delegación 2026-0411 de data 16.08.2026, Paula Gómez Souto.

ANEXO I

FOLLA INSCRICIÓN CONCURSO DE GANDO E CABALAR NA FEIRA DO POLDRO E GANDO DO MONTE CONCELLO DE MURAS, ANO 2026

Don/dona con DNI n.º
e domicilio en

Declaro a veracidade dos seguintes datos:

Solicito participar no concurso: SI / NON

Rexistro de Gandería (REGA):

Crotal identificación animal (marcar con "X"):

- ☐ Bovino
☐ Cabalar (microchip)

Nome e apelidos do propietario do animal:

DNI:

Teléfono:

Enderezo, localidade, concello, CP:

N.º de conta bancaria (achegar certificado de conta bancaria a nome da persoa física ou entidade participante

- Autorizo a cesión dos presentes datos ao Xurado Cualificador.
- Acepto as condicións establecidas nas bases.
- Autorizo ao Concello de Muras a consultar as débedas ou liquidacións pendentes coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e co Concello de Muras (Non poderá abonarse o premio a aqueles participantes que non se atopen ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social).
- Autorizo á publicación de imaxes das persoas participantes nas RRSS do Concello ou calquera medio de comunicación.

Asinado, Muras a de de 2026

(A folla de inscrición debe acompañarse cunha copia do DNI e certificado de conta bancaria)

(*)CRITERIOS CALIFICACIÓN CONCURSO FEIRA DO POLDRO e GANDO DO MONTE 2026 (A Gañidoira- Muras)

	CATEGORIAS										
	GANDO CABALAR						BOVINO				
INFORMACIÓN SOBRE OS ANIMAIS	Características desexables (*)	Mellor cría cabalar do ano	Mellor lote cabalar	Mellor egua	Mellor semental cabalar	INFORMACIÓN SOBRE OS ANIMAIS	Características desexables (*)	Mellor cría bovina do ano	Mellor lote bovino	Mellor vaca	Mellor semental bovino
RAZA	Cabalo Pura Raza Galega					RAZA	Bovina (Gando do monte)				
DATOS MORFOLÓXICOS	Cabeza proporcionada					DATOS MORFOLÓXICOS	Cabeza proporcionada				
	Perfil recto ou subcónico						Perfil recto ou subcónico				
	Oreallas						Profundidade, ampulosidade e anchura				
	Órbitas oculares						Lonxitude				
	Ollos						Tipo medio proporcionado				
CAPA	Color negro/castaña					CAPA	Color (teixo) Monocolor				
	Estrelas						Degradacións (permitidas)				
	Calzado						Manchas pelos doutra cor (non desexables)				
ALTURA Á CRUZ (130CM)	Machos					ALTURA Á CRUZ	Machos (149cm)				
	Femias						Femias (138cm)				
OUTRAS CARACTERÍSTICAS	Labios grosos (mechón superior e barba)					OUTRAS CARACTERÍSTICAS	Peso machos (1300kg)				
	Cuello. Abundantes crins						Peso femias (600kg)				
	Cruz destacada						Cornos(2) Sen pigmentación unicamente oscurecemento nas puntas				
	Línea dorso lumbar recta						Forma dos cornos (dirixidos cara adiante e cara arriba)				
	Grupa simple algo inclinada						Torax profundo, largo, arqueado				
	Ventre redondeado						Dorso e lomos anchos e musculados				
	Peito profundo						Muslos, nalgas e pernas convexas, largas				
	Espaldas inclinadas						Esqueleto robusto e ben desenvolvido				
	Extremidades cortas e fortes/ Cañas cortas										
	Casco escuro, conformación redonda, duro										
	Extremidades con pouca cantidade pilosa e escasas producións córneas										
USOS E SISTEMA EXPLOTACIÓN	Uso (deportivo/ocio, coidado medioambiente/ sociocultural)**					USOS E SISTEMA EXPLOTACIÓN	Uso (carne/papel sociocultural e ambiental, explotación familiar e tradicional)**				
	Explotación (extensivo)						Explotación (extensivo)				
	Outras cualidades (Dócil, noble, intelixente)						Outros datos sistema explotación (Adaptabilidade/ mansedume)				

DATOS PRODUCTIVOS E REPRODUCTIVOS	Condições manexo (extensivo/ alimentación pastoreo)					DATOS PRODUCTIVOS E REPRODUCTIVOS	Condições manexo (extensivo/ alimentación pastoreo)				
	Identificación						Identificación				
	Programa sanitario, desparasitación						Programa sanitario, desparasitación				
	Reproducción (monta natural)						Reproducción (monta natural)				
	Intervalo entre partos (390días)						Intervalo entre partos(473días)				
	N.º partos ano (0,9)						N.º partos ano (1)				
	Prolificidade (1)						Prolificidade (1)				
	Vida produtiva (10 anos)						Vida produtiva (10,7 anos)				
IDADE (Só se avaliarán os animais adultos. Terase en conta a idade na que os animais acadaron a madurez e a idade ao primeiro parto)	Femias maduras (36 meses)					IDADE (Só se avaliarán os animais adultos. Terase en conta a idade na que os animais acadaron a madurez e a idade ao primeiro parto)	Femias maduras (17 meses)				
	Machos maduros (36 meses)						Machos maduros (14 meses)				
	Idade ao primeiro parto (48 meses)						Idade ao primeiro parto (27 meses)				

(*) Indícanse como características desexables as que figuran na presente táboa de Criterios de valoración.

Os animais avalíaranse de xeito individual asignando unha puntuación nunha escala dende o 1 ao 5 para cada unha das características, sendo 5 o valor asignado no caso de cumprir coa característica desexable e 1 no caso de non cumprir, agás na categoría correspondente ao Maior n.º Cabezas de gando (bovino e equino) onde o único criterio para a valoración será o n.º de cabezas de gando de cada lote/curro.

Para cada un dos animais sumaranse as puntuacións para cada unha das características e ese valor será o valor final válido para a clasificación en cada unha das Categorías, agás na categoría correspondente ao Maior n.º Cabezas de gando (bovino e equino).

(**) No caso da característica corresponte a Usos e sistema de explotación: Uso (deportivo/ocio, coidado medioambiente/sociocultural) na categoría de Gando cabalar, asignarase o valor 5 aos animais que cumpran un dobre criterio (deportivo/ocio e coidado medioambiente/sociocultural)

Igualmente na categoría Bovino, no caso da característica corresponte a Usos e sistema de explotación: Uso (carne/papel sociocultural e ambiental, explotación familiar e tradicional), asignarase o valor 5 aos animais que cumpran un dobre criterio (carne e papel sociocultural e ambiental ou explotación familiar e tradicional).

R. 2271

OUROL

Anuncio

O Sr. Alcalde-Presidente asinou con data once de agosto o Decreto nº 2026-0191 que literalmente di:

“DON JOSÉ LUIS PAJÓN CAMBA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUROL, PROVINCIA DE LUGO.

Visto que mediante a Resolución nº 2025-0338 do cinco de agosto esta Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía:

- O desenvolvemento da xestión económica de conformidade co orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no artigo 158.5 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o dez por cento dos seus recursos ordinarios, agás as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o quince por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordear pagamentos e rendir contas; todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Aprobar a oferta de emprego público de conformidade co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.
- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

- Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, agás nos casos en que a devandita facultade estea atribuída a outros órganos.
- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.
- O outorgamento das licenzas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- Ordear a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.
- A competencia como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- A adxudicación de concesións sobre os bens da Entidade Local e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millón de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
- A potestade sancionadora en materia urbanística baseándose no artigo 222.1 da LOUG.
- As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao concello e non o atribúan a outros órganos municipais.

Visto que a devandita delegación comprendía as facultades de resolver procedementos administrativos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

Visto que se fai necesario avocar o exercicio das competencias delegadas e residenciales novamente na Alcaldía.

Por todo isto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo cos artigos 43, 44, 45, 114 a 118 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, **RESOLVO:**

1º.- Avocar as competencias que foron delegadas na Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución de Alcaldía, nº 2025-0338 de data cinco de agosto, de conformidade co disposto nos artigos 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 21.3 da Lei 7/1985, e 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

2º.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo sen prexuízo de que surta efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

3º.- Dar conta da presente Resolución no primeiro Pleno ordinario que se celebre de conformidade co disposto no artigo 44.4 do Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Asinado dixitalmente no Concello de Ourense na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde, don José Luis Pajón Camba. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).

Ourense, 17 de agosto de 2026.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2272

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XUÑO DE 2026.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 558/2026 o día 3 de agosto de 2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência e de dependencia, correspondente ao mes de xuño de 2026 polo importe total de 6.734,08 €.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 3 de agosto de 2026.- O alcalde-presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 2273

VIVEIRO

Anuncio

D^a. MARÍA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Á vista da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 250, de 29 de outubro de 2024, do anuncio da Resolución aceptando a proposta do Tribunal relativo ao proceso selectivo excepcional convocado para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura do quince prazas de “**ADMINISTRATIVO/A**” funcionario de carreira.

Vista a Resolución de data 27 de novembro de 2024, na que se acordou a estimación dun recurso presentado, en relación ao proceso selectivo excepcional que se convocou para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de quince prazas de “**ADMINISTRATIVO/A**” funcionario de carreira, no que afectaba á orde de aspirantes non seleccionados que confeccionaban a lista de emprego, acordando proceder á modificación de dita lista.

Visto que se detectou erro na publicación do anuncio, do antedito acordo, erro que se trasladou aos anuncios sucesivos publicados en relación á lista de emprego, incluída a publicación do anuncio da Resolución na que se decretou a orde de prelación da aplicación da lista de emprego da orde de aspirantes non seleccionados modificada.

Visto que conforme ao disposto no artigo 109 da LPACAP procede a corrección dos erros de feito detectados, e polo tanto vista a publicación no BOP de Lugo en data 04 de agosto de 2026 da Resolución de Alcaldía na que se acorda proceder á corrección dos erros detectados, debendo quedar a lista de emprego do proceso selectivo excepcional, conforme á prelación acordada na Resolución de data 24 de febreiro de 2025, unha vez corrixidos os erros, co seguinte contido:

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	RELO LÓPEZ OSCAR	28,960
2	GONZÁLEZ VECÍN BEATRIZ	28,480
3	RAMOS SIABA MARÍA MAGDALENA	28,120
4	FANEGO CANDIA LUCÍA	27,140
5	VALIELA ÁLVAREZ MARÍA	26,720
6	FIGUEIRAS FIGUEROA FRANCISCO JAVIER	25,040
7	ROUCO LLANDERROZAS GLORIA	24,760
8	PERNAS VIGO MARÍA RITA	23,600
9	DORADO FERNÁNDEZ RUTH MÓNICA	22,760
10	MARTÍNEZ ROUCO INÉS	22,320
11	SIXTO PERNAS MARÍA FE	22,300
12	CARRODEGUAS TRASANCOS ANA BELÉN	22,100

13	FUNGUEIRIÑO PAZOS JOSE LUIS	21,980
14	PÉREZ SANTOS MARÍA	21,800
15	BAÑO COUCEIRO SONIA	21,440
16	REGO MARTÍNEZ VANESA	21,440
17	QUELLE ARAMBURO MARÍA PALOMA	21,289
18	PEÑA VARGAS ANABEL	20,840
19	FEAL JIMENEZ NOELA	20,840
20	MÉNDEZ SALGADO ANTONIO	20,720
21	ALONSO AMIEIRO RAMONA	20,000
22	ARRIBAS CASADIEGO MAGDELIS	20,000
23	BARCON BÉN VERÓNICA	20,000
24	CALVO TORQUEMADA EVA MARÍA	20,000
25	CUPEIRO COTARELO NURIA	20,000
26	DÍAZ TORRÓN CRISTINA	20,000
27	FERRO RIVERA FÁTIMA	20,000
28	GARCÍA BARRO MARIA VITA	20,000
29	GARCIA RODRIGUEZ MARÍA TERESA	20,000
30	MURÚA LORENZO MARÍA	20,000
31	PAZ PEREIRA BIBIANA	20,000
32	PEREIRA CAMBEIRO FRANCISCO JAVIER	20,000
33	PÉREZ MARTÍNEZ MARÍA GUADALUPE	20,000
34	PERNAS QUIROGA MARTA	20,000
35	RANDO GARCÍA MARÍA DEL CAMINO	20,000
36	RODRÍGUEZ CABAÑAS MIGUEL	20,000
37	RODRÍGUEZ PÉREZ VERÓNICA	20,000
38	RODRÍGUEZ VILLARES ESTEFANIA	20,000
39	SALGADO SANFIZ ALBERTO	20,000
40	SÁNCHEZ PERNAS BEGOÑA	20,000
41	TEIJEIRO MURIAS MARÍA ISABEL	20,000
42	TORRE MAHÍA LÍDIA	20,000
43	PAZ FERNÁNDEZ LIA	19,243
44	MERA RAMIL ROCIO	18,327
45	CORNADO RODRÍGUEZ LUCÍA	17,077
46	ESQUERDEIRO CABARCOS LUCÍA	16,630
47	LOZANO LÓPEZ LAURA	15,827

48	DÍAZ LÓPEZ EVA	13,329
49	TRASANCOS SOTO MARTA MARÍA	12,977
50	FRAGA PEDREIRA DAVID	12,959
51	LÓPEZ OTERO JOSÉ ANTONIO	12,245
52	EXPÓSITO YAÑEZ MARÍA LUISA	10,996
53	YAÑEZ MARTINEZ NAZARET	7,840
54	FERNÁNDEZ GARCÍA PAULA MARÍA	7,164
55	CASTRO VILLANUEVA MANUEL	6,498
56	EXPOSITO CAO MONTSERRAT	5,810
57	OTERO ABAD XIANA	4,998
58	RODRÍGUEZ BALTAR MARÍA ALMUDENA	3,920
59	GONZÁLEZ CASAL LAURA	1,610
60	CHAO PARAPAR MAIKEL	1,500
61	MÉNDEZ RODRÍGUEZ ALICIA ISABEL	1,000
62	CHAO RAMOS ANDREA	0,750
63	MARTÍN LESTEGAS ISABEL	0,500
64	SEIJO GONZÁLEZ MARÍA JOSÉ	0,500
65	ALVAREZ TRASANCOS ERIKA	0,000
66	ALVÁREZ TRASANCOS SONIA	0,000
67	BLANCO CANOURA SARAY	0,000
68	LOPEZ RIVEIRA CLAUDIA	0,000
69	MARTÍNEZ VARELA MARÍA JOSEFA	0,000
70	NOVOA MARTÍNEZ ELIAS	0,000
71	RODRÍGUEZ TEIJEIRO DANIEL	0,000
72	SAN ISIDRO VÁZQUEZ MARTA	0,000

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de quince prazas de “ADMINISTRATIVO/A” funcionario de carreira.

Vista a base xeral 18.2, que di: “(...) **18.2. Chamamentos.**

a) A bolsa de emprego usarase sempre tendo en conta a orden da puntuación obtida no proceso selectivo.

b) Os nomeamentos ofreceranse no momento no que se produzan necesidades de cobertura temporal motivadas por renuncia, incapacidade temporal ou calquera outra causa que conleve a imposibilidade de prestación de servizos pola persoa nomeada para ocupar a praza ofertada por esta convocatoria, así como a cobertura temporal para substitucións ou por vacante dentro da mesma escala, subescala, grupo e subgrupo.

c) Calquera integrante da lista de emprego definitiva poderá darse de baixa en calquera momento antes de ser requirido para un nomeamento, bastando para elo que o comunique por escrito presentándoo no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

d) O ofrecemento realizarase por calquera medio que permita a súa constancia, e os interesados deberán confirmar a súa aceptación nun prazo máximo de dous días hábiles dende o envío da comunicación. No suposto de que o interesado non manifeste a súa aceptación por calquera medio en que quede constancia no prazo referido, entenderase que se rexeita o ofrecemento e pasarase á seguinte persoa da lista en disposición de incorporarse e así sucesivamente. Os aspirantes poderán actualizar os seus datos de contacto durante a vixencia da lista.

Os efectos para os aspirantes polo seu rexeitamento inxustifico do nomeamento regulase do seguinte xeito:

- O primeiro rexeitamento non implicará penalización.
- O segundo rexeitamento suporá pasar a ocupar o último posto da lista.
- O terceiro rexeitamento suporá a baixa definitiva da lista.

Non se considerará rexeitamento a un ofrecemento o caso das mulleres embarazadas que así o manifesten e xustifiquen ao ser requiridas, si tal estado é incompatible, segundo os criterios preventivos, co exercicio da actividade do posto a cubrir coa lista do que se trate. Entenderase así mesmo por rexeitamento xustifico situacións de emprego ou incapacidade.

e) As persoas que estando nomeadas en virtude desta lista cesaran por motivos disciplinarios, causarán baixa na mesma. De igual forma se actuará no suposto de cese voluntario...”

Tendo en conta que con data 08 de xullo de 2026, procedese a realizar o chamamento e así mesmo á comunicación vía correo electrónico a D. Jose Luis Fungueiriño Pazos para a cobertura dunha vacante no Departamento de Estadística, e visto o apartado d) do punto 18.2 das bases xerais, o interesado non manifesta a súa aceptación por calquera medio en que quede constancia no prazo máximo de dous días hábiles dende o envío da comunicación, e polo que se entende que se rexeita o ofrecemento.

Tendo en conta que con data 24 de xullo de 2026, procedese a realizar o chamamento e así mesmo á comunicación vía correo electrónico a D. Jose Luis Fungueiriño Pazos para a substitución por baixa medica do titular do posto no Departamento de Urbanismo, e visto o apartado d) do punto 18.2 das bases xerais, o interesado non manifesta a súa aceptación por calquera medio en que quede constancia no prazo máximo de dous días hábiles dende o envío da comunicación, e polo que se entende que se rexeita o ofrecemento.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Pasar a D. Jose Luis Fungueiriño Pazos a ocupar o último posto da lista, por constar dous rexeitamentos aos postos ofertados.

SEGUNDO.- Modificar a lista de emprego, ao abeiro da base 18 das Bases xerais e específicas da convocatoria, sendo a lista de emprego a seguinte:

ORDE	APELIDOS E NOME
1	RELLO LÓPEZ OSCAR
2	GONZÁLEZ VECÍN BEATRIZ
3	RAMOS SIABA MARÍA MAGDALENA
4	FANEGO CANDIA LUCÍA
5	VALIELA ÁLVAREZ MARÍA
6	FIGUEIRAS FIGUEROA FRANCISCO JAVIER
7	ROUCO LLANDERROZAS GLORIA
8	PERNAS VIGO MARÍA RITA
9	DORADO FERNÁNDEZ RUTH MÓNICA
10	MARTÍNEZ ROUCO INÉS
11	SIXTO PERNAS MARÍA FE
12	CARRODEGUAS TRASANCOS ANA BELÉN
13	PÉREZ SANTOS MARÍA
14	BAÑO COUCEIRO SONIA
15	REGO MARTÍNEZ VANESA

16	QUELLE ARAMBURO MARÍA PALOMA
17	PEÑA VARGAS ANABEL
18	FEAL JIMENEZ NOELA
19	MÉNDEZ SALGADO ANTONIO
20	ALONSO AMIEIRO RAMONA
21	ARRIBAS CASADIEGO MAGDELIS
22	BARCON BÉN VERÓNICA
23	CALVO TORQUEMADA EVA MARÍA
24	CUPEIRO COTARELO NURIA
25	DÍAZ TORRÓN CRISTINA
26	FERRO RIVERA FÁTIMA
27	GARCÍA BARRO MARIA VITA
28	GARCIA RODRIGUEZ MARÍA TERESA
29	MURÚA LORENZO MARÍA
30	PAZ PEREIRA BIBIANA
31	PEREIRA CAMBEIRO FRANCISCO JAVIER
32	PÉREZ MARTÍNEZ MARÍA GUADALUPE
33	PERNAS QUIROGA MARTA
34	RANDO GARCÍA MARÍA DEL CAMINO
35	RODRÍGUEZ CABAÑAS MIGUEL
36	RODRÍGUEZ PÉREZ VERÓNICA
37	RODRÍGUEZ VILLARES ESTEFANIA
38	SALGADO SANFIZ ALBERTO
39	SÁNCHEZ PERNAS BEGOÑA
40	TEIJEIRO MURIAS MARÍA ISABEL
41	TORRE MAHÍA LÍDIA
42	PAZ FERNÁNDEZ LIA
43	MERA RAMIL ROCIO
44	CORNADO RODRÍGUEZ LUCÍA
45	ESQUERDEIRO CABARCOS LUCÍA
46	LOZANO LÓPEZ LAURA
47	DÍAZ LÓPEZ EVA
48	TRASANCOS SOTO MARTA MARÍA
49	FRAGA PEDREIRA DAVID
50	LÓPEZ OTERO JOSÉ ANTONIO

51	EXPÓSITO YAÑEZ MARÍA LUISA
52	YAÑEZ MARTINEZ NAZARET
53	FERNÁNDEZ GARCÍA PAULA MARÍA
54	CASTRO VILLANUEVA MANUEL
55	EXPOSITO CAO MONTSERRAT
56	OTERO ABAD XIANA
57	RODRÍGUEZ BALTAR MARÍA ALMUDENA
58	GONZÁLEZ CASAL LAURA
59	CHAO PARAPAR MAIKEL
60	MÉNDEZ RODRÍGUEZ ALICIA ISABEL
61	CHAO RAMOS ANDREA
62	MARTÍN LESTEGAS ISABEL
63	SEJO GONZÁLEZ MARÍA JOSÉ
64	ALVAREZ TRASANCOS ERIKA
65	ALVÁREZ TRASANCOS SONIA
66	BLANCO CANOURA SARAY
67	LOPEZ RIVEIRA CLAUDIA
68	MARTÍNEZ VARELA MARÍA JOSEFA
69	NOVOA MARTÍNEZ ELIAS
70	RODRÍGUEZ TEIJEIRO DANIEL
71	SAN ISIDRO VÁZQUEZ MARTA
72	FUNGUEIRIÑO PAZOS JOSE LUIS

TERCEIRO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica, a presente lista de emprego modificada.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 10 de agosto de 2026.- A alcaldesa, D.^a María Carmen Gueimunde González. Ante min, a secretaria accidental, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, D.^a María Nieves Leitao Cora.

R. 2227

Anuncio

Son obxecto do presente anuncio a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 30 de xullo de 2026, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT “Oficial Policía Local” (AS2-/157) na Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais.

CONVOCATORIA

Á vista dos seguintes antecedentes:

- Proposta de bases.
- Informe de Secretaría e Persoal.
- Consignación orzamentaria.
- Informe de fiscalización.

Vistas as características da praza vacante obxecto da convocatoria:

GRUPO	NATUREZA	CLASIFICACIÓN	N.º DE PRAZAS	CORRESPONDENCIA POSTO RPT
C1	Funcionario	Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais	1	Oficial policía local (AS2-/157)

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección de persoal referenciada, e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as Bases reguladoras das probas selectivas para a provisión en propiedade da praza vacante anteriormente referenciada.

SEGUNDO. Aprobar a convocatoria do proceso selectivo.

TERCEIRO. Publicar a convocatoria e o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no *Boletín Oficial da Provincia* e con referencia no Diario Oficial da *Comunidade Autónoma*, no *Taboleiro de Anuncios*, no *Taboleiro dixital na sede electrónica e na páxina web*.

CUARTO. Publicar un extracto da convocatoria no *Boletín Oficial do Estado*, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

QUINTO. Aprobar o gasto correspondente ás retribucións referentes á praza vacante correspondente ao posto de traballo AS2-/157 da RPT vixente do Concello de Viveiro, segundo consta na RPT vixente, atendendo ao seu calendario de implantación e actualizacións derivadas das correspondentes Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

BASES REGULADORAS

BASES XERAIS, ESPECÍFICAS E ANEXOS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A PRAZA DE FUNCIONARIO/A "OFICIAL/A DE POLICÍA LOCAL" DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2025.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a provisión en propiedade, por promoción interna, da praza de funcionario/a/a de carreira vacante na plantilla de persoal do Concello de Viveiro, incluída na oferta de emprego público 2025, publicación oficial no DOG do 3 de decembro de 2025 e que comprende a cobertura da seguinte praza de persoal funcionario/a:

DENOMINACIÓN	TURNO XERAL	RESERVA DISCAPACIDADE	TOTAL PRAZAS	CLASIFICACIÓN	GRUPO	CORRESPONDENCIA RPT
OFICIAL/A POLICÍA LOCAL	1	0	1	ESC. ADM. ESPEC. SUB. SERV ESP.	C1	AS2-/157

O procedemento de selección será **SISTEMA SELECTIVO CONCURSO-OPOSICIÓN.-PROMOCIÓN INTERNA.**

2.- CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DA PRAZA:

2.1.- N.º de prazas que se convocan: 1

2.2.- Relación xurídica co Concello.- Enmarcada no Grupo C, Subgrupo 1; Escala Administración Especial; Subescala Servizos Especiais. Estará dotada coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo vacante ao que resulte adscrito o funcionario/a de carreira que obteña a praza que se convoca (posto AS2-/157).

2.3.- Sistema de selección: concurso oposición; promoción interna.

2.4.- Titulacións académicas esixidas para tomar parte no proceso selectivo:

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS:

Estar en posesión ou en condicións de obter a titulación esixida para acceder á condición de funcionario do subgrupo C1, conforme a normativa de función pública (bacharelato, técnico ou equivalente).

Para os efectos de equivalencia da titulación, haberá que atermos ao disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo.

2.5.- Nivel de coñecemento do idioma galego: Celga 4.

2.6.- Funcións: As descritas na RPT do Concello de Viveiro no posto ao que se atopa correlacionada a praza que se convoca.

2.7.- Retribucións Percibirá as retribucións básicas e as pagas extraordinarias correspondentes ao subgrupo ou grupo de adscrición C1 cun complemento de destino e CE asignado na RPT segundo o seu calendario de implantación, e incrementos retributivos derivados das Leis de Orzamentos Xerais do Estado, atendendo ao posto de traballo ao que atopa correlacionada a praza que se convoca).

2.8.- Publicidade: A convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), e con referencia no Diario Oficial da Comunidade Autónoma (DOG), no taboleiro de anuncios dixital da Entidade e na súa páxina web (viveiro.gal/emprego).

As Bases Xerais, Específicas e anexos publicaranse tamén no BOP e con referencia no DOG, así como no taboleiro de anuncios dixital da Entidade e na súa páxina web (viveiro.gal/emprego).

Publicarase anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, co contido establecido no artigo 6.2 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento da selección de funcionarios/as da Administración Local.

3.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A convocatoria rexirase polo disposto nestas bases e, no su defecto, polo disposto nas seguintes normas:

- Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), como norma básica do procedemento administrativo.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), a súas normas básicas sobre funcionamento de órganos colexiados.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.
- Na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.
- No Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.
- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e da Provisión dos Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionario/as Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento da selección de funcionario/as da Administración Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia.
- Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais
- E demais normativas de aplicación.

4.- REQUISITOS XERAIS QUE POSUIRÁN OS/AS ASPIRANTES PARA PODER PARTICIPAR NO PRESENTE PROCESO SELECTIVO.

Os/As aspirantes deberán facer constar na solicitude que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data de remate do prazo de presentación de instancias e que estarán en condicións de acreditarlos, unha vez seleccionados.

- a) Ter nacionalidade española.
- b) Ter cumpridos os dezaioito anos e non exceder, de ser o caso, a idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión ou en condicións de obter a titulación exixida para acceder á condición de funcionario do subgrupo C1, conforme a normativa de función pública (bacharelato, técnico ou equivalente).

Para os efectos de equivalencia da titulación, haberá que atermos ao disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo.

d) **GALEGO:** Acreditación do coñecemento da lingua galega: **CELGA 4**.

Será requisito necesario contar coa acreditación de poseer o nivel do coñecemento da lingua galega, **Celga 4** ou acreditación equivalente. Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente.

No suposto de non contar coa mesma, os aspirantes deberán superar un examen de galego. Esta proba é obrigatoria para estes aspirantes. A proba consistirá na tradución dun texto en castelán para galego ou en galego para o castelán. Esta proba é obrigatoria e eliminatória e calificarase con apto ou non apto.

e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario de que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación conforme as normas penais e administrativas, que a persoa aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

g) Carecer de antecedentes penais por delito doloso.

h) Ser persoal funcionario de carreira e ter en propiedade unha praza da categoría de policía local no Concello de Viveiro.

i) Estar en servizo activo na categoría de policía local no corpo de policía do Concello de Viveiro..

j) Ter unha antigüidade mínima de tres anos continuados na categoría de policía. Para o seu cómputo teranse en conta os períodos durante os cales a persoa funcionaria tivese a consideración de persoal funcionario en prácticas, así como os períodos durante os que se encontrase en situación de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación.

h) Faltarlle á persoa aspirante máis de un ano para o pase a segunda actividade por razón de idade.

5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

5.1. Presentación. Os/As interesados/as que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as solicitudes á Sra. Alcaldesa do Concello de Viveiro no modelo oficial que se publica como Anexo I, destas Bases. Este modelo poderá descargarse gratuitamente da páxina web municipal (viveiro.gal/emprego).

Os/as aspirantes indicarán, no apartado sinalado na solicitude, se están afectados/as por unha minusvalía nun grado igual ou superior ao 33 por 100, e se precisan dalgunha adaptación ou previsión específica para o desenvolvemento das actuacións previstas no procedemento, de acordo coa base 8.2.

O acceso a toda a documentación referente ao presente proceso selectivo realizarase a través da páxina web municipal (viveiro.gal/emprego).

Toda a documentación que se publique con posterioridade a convocatoria, bases e anexos serán obxecto de publicidade mediante o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios dixital. O acceso ao taboleiro de anuncios dixital realízase a través da sede electrónica viveiro.sedelectronica.es.

5.2. Prazo de presentación. O prazo de presentación das solicitudes será de vinte (20) días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE), que será a que marque o prazo de presentación de instancias.

5.3. Lugar de presentación. A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro. Para as solicitudes de forma presencial o horario de atención ao público é de nove a catorce horas de luns a venres.

As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Se a solicitude se presentase nas oficinas de correos, facerase de acordo co artigo 31 do Real decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servizos postais.

5.4. Cumprimentación. A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente, no modelo Anexo I, segundo as presentes bases, polos aspirantes/as e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, a documentación aportada. A non presentación do Anexo poderá ser obxecto de subsanación, sendo excluída a persoa aspirante que non subsane ou emende a falta de presentación do Anexo ou a súa presentación incompleta.

6.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO.

Coa solicitude os/as aspirantes presentarán os seguintes documentos:

a) Copia do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola mesma e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Copia da Titulación académica esixida no punto 4 c) na convocatoria das presentes bases, ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtelo, aportando neste caso, certificación académica de que se realizaron todos os estudos para a súa obtención xunto co recibo acreditativo de ter efectuado o pago correspondente dos dereitos de expedición. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.

c) Copia cotexada ou copia auténtica da acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo organismo competente. Esta acreditación deberá presentarse no seguinte suposto:

- Cando se solicite a adaptación de probas.

d) Copia cotexada ou copia auténtica da acreditación de posuír o nivel de galego esixido no punto 4 d) das presentes bases ou acreditación equivalente. Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente.

e) Solicitud (anexo I) debidamente cuberta e asinada.

f) Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos puntos de que consta o concurso, segundo o especificado no anexo III.

g) Copias da documentación acreditativa dos méritos alegados, que deberá presentarse na orde en que figura cada un dos méritos na relación de méritos citada no punto anterior.

h) Certificado acreditativo de cumprir os requisitos recollidos nesta convocatoria:

- Ser persoal funcionario de carreira e ter en propiedade unha praza da categoría de policía local no Concello de Viveiro.

- Estar en servizo activo na categoría de Policía Local no corpo de Policía do Concello en que se pretende promocionar.

- Ter unha antigüidade mínima de tres anos continuados na categoría de Policía. Para o seu cómputo teranse en conta os períodos durante os cales a persoa funcionaria tivese a consideración de persoal funcionario en prácticas, así como os períodos durante os que se encontrase en situación de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación.

- Faltarlle á persoa aspirante máis de un ano para o pase a segunda actividade por razón de idade.

Este certificado será expedido de oficio por parte do Concello de Viveiro ao respecto dos servizos prestados no Concello de Viveiro, ser funcionario de carreira e faltarlle máis de un ano para o pase a segunda actividade por razón de idade.

i) Declaración responsable de carecer de antecedentes penais por delitos dolosos.

De resultar adxudicatario/a da praza, a documentación presentada deberá cotexarse cos orixinais para os efectos oportunos. En caso de que non se correspondan, quedará excluído/a requiríndolle a documentación ao seguinte candidato en puntuación.

De non presentarse correctamente os documentos referidos nos apartados a) e b), e) e i) o/a aspirante quedará excluído, sen prexuízo da posible subsanación de documentos trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, resultando posible a súa presentación no prazo de subsanación. En todo caso os requisitos deberán posuírse á data de finalizar o prazo de presentación de instancias. **Tamén poderá ser obxecto de subsanación a documentación non presentada correctamente, conforme á presente base, ao respecto do apartado c) e g). De non presentarse a documentación establecida no apartado d), ou non presentarse correctamente conforme á presente base, que tamén poderá ser obxecto de subsanación, o/a aspirante deberá realizar o exame de galego, e de non presentarse ao mesmo resultará excluído/a do proceso selectivo.**

Non será obxecto de subsanación a presentación de instancia fóra de prazo.

O non cumprimento dos requisitos esixidos na data de finalización da presentación de instancias será causa de exclusión, sen prexuízo da posibilidade de subsanación referida.

7.- NOTIFICACIÓNS A REALIZAR DURANTE O PROCEDEMENTO.

Tras a publicación da convocatoria, anuncio da convocatoria e das presentes bases nos BOLETÍNS E DIARIOS OFICIAIS REFERIDOS, as sucesivas notificacións que se produzan no procedemento faranse mediante a correspondente publicación no Boletín Oficial da Provincia, e inserción de edictos no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, así como no taboleiro de anuncios dixital, a excepción dos resultados de cada unha das probas e a citación da segunda e sucesivas probas, que se realizará mediante anuncio no taboleiro de edictos dixital na sede electrónica, así como no local de realización da primeira e sucesivas probas. A data de publicación de cada un dos anuncios no BOP será o que marque o comezo dos prazos para o exercicio das accións que procedesen fronte ao acto de que se trate, a excepción dos supostos nos que non se realiza inserción no BOP, nos que a data que marca o inicio dos prazos, será a da inserción do edicto no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal.

Non obstante, a data de inicio do prazo de presentación de instancias vira marcada pola data de inserción de anuncio da convocatoria no BOE, de conformidade co disposto no artigo 5 das presentes bases.

8.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

8.1. Composición do Tribunal.

O Tribunal encargado do proceso estará integrado polos seguintes membros:

- a) Unha persoa que exercerá o cargo de Presidente.
- b) Catro vogais. Unha persoa que exercerá o cargo de Secretario/a será unha das persoas nomeada vogal.

Na composición do tribunal respectarase a paridade entre homes e mulleres. Deberá designarse unha persoa suplente para cada membro do Tribunal.

Todos os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación.

Todos os membros do Tribunal actuarán con voz e con voto. O/a secretario/a, redactará a acta de cada sesión que se celebre.

O Tribunal de selección deberá axustar a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como a normativa en materia de acceso ao emprego público.

Segundo as circunstancias do proceso, cando razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellasen, o Tribunal, por medio da Presidencia, poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que poderá ser persoal do Concello ou doutras administracións públicas que limitarán a súa intervención á colaboración que, en función das súas especialidades técnicas, lles solicite o Tribunal, polo que actuarán con voz pero sen voto.

8.2.- Constitución e actuación do Tribunal de selección.-

O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros.

Para a válida constitución do Tribunal, requirirase a presenza das persoas titulares da Presidencia e a Secretaría ou de quen lles substitúan, e da metade polo menos, dos seus membros, de acordo co artigo 17.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan sobre a aplicación das normas contidas nestas bases e determinará a actuación procedente nos casos non previstos nelas.

O Tribunal tomará as súas decisións por maioría simple, mediante votación nominal; en caso de empate repetirase a votación, e si trala segunda votación persistise o empate, este o dirimirá a Presidencia co seu voto de calidade. Para as votacións seguirase a orde establecida na resolución do nomeamento dos membros do Tribunal, votando sempre en último lugar a Presidencia.

Na acta da sesión de constitución do Tribunal poderá acordarse que os membros titulares e suplentes actúen de forma indistinta durante a celebración do proceso selectivo.

O Tribunal continuará constituído ata que non se resolvan as reclamacións suscitadas ou as dúbidas que poida suscitar o procedemento selectivo.

Deberán absterse de formar parte do Tribunal, notificándoo á autoridade convocante, aquelas persoas en quen se dean algunhas das circunstancias sinaladas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro. Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando consideren que concorre algunha das devanditas circunstancias.

As resolucións do Tribunal vinculan á Administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión segundo os artigos 106, 107 e seguintes da lei 39/2015 de 1 de outubro.

O Tribunal de selección adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que as persoas aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizar os exercicios que o resto de aspirantes. Se na súa realización lles xurdísen dúbidas respecto da capacidade do/da aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desempeñadas polos empregados no posto da lista de emprego, poderase solicitar o correspondente dictame do órgano competente.

Por cada sesión do Tribunal levantarase unha acta, que deberá figurar asinada pola persoa que ostente o cargo de Presidencia e Secretaría do Tribunal.

O Tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que estime pertinentes, que deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terá voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderá á Alcaldía.

Os membros do tribunal terán dereito á percepción das indemnizacións por razón do servizo previstas na normativa vixente.

9.- LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS, E SUBSANACIÓN DE SOLICITUDES.

9.1.- Lista provisional.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo de un mes declarando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas publicárase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome das persoas aspirantes e se están exentas ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso de aspirantes excluídos/as especificárase o motivo de exclusión e se esta é subsanable.

9.2.- Prazo de alegacións e subsanación de documentación referente á exclusión (documentos a), b), e i) das presentes bases), ou de documentación referente aos apartados c), d) e g).- A publicación da lista provisional abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que podan emendarse as deficiencias que en cada caso se indiquen. Esta lista provisional tamén se publicará no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal viveiro.sedelectronica.es.

A presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar no proceso selectivo sen o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases suporá a exclusión dos aspirantes tal e como se recolle nas bases 5 e 6, sen prexuízo da súa posible subsanación no prazo de (10) dez días hábiles trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, tal e como se recolle no presente punto. Neste prazo tamén se poderá subsanar a documentación presentada ao respecto dos apartados c), d) e g).

No caso de que na lista provisional non resulte excluída ningunha persoa aspirante ou que os motivos de exclusión non teñan posibilidade de subsanación, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva.

9.3.- LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS.- Transcorrido, no seu caso, o prazo indicado no punto anterior, aprobarase por Resolución da Alcaldía a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no procedemento selectivo. A aprobación desta lista definitiva suporá a estimación ou desestimación das subsanacións presentadas polas persoas aspirantes excluídas. Esta lista definitiva será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non se estima que se lle recoñeza aos/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo. No caso de que, no transcurso do proceso poidese desprenderse que non posúen algún dos requisitos, o persoal interesado decaerá de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación neste procedemento.

Contra o acordo de aprobación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas cabe a interposición de recurso potestativo de reposición no prazo dun mes dende a súa publicación ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende a súa publicación.

Na publicación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas farase constar a data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio de selección. Os anuncios dos sucesivos exercicios e o resultado de cada un deles será publicado no taboleiro de edictos dixital na sede electrónica do Concello así como no local de celebración da proba anterior. Nesta resolución tamén se nomeará aos membros do Tribunal de Selección.

10.- O SISTEMA DE SELECCIÓN:

O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

. Fase de concurso. Esta fase non terá carácter eliminatorio e consistirá na comprobación, a avaliación e a cualificación dos méritos alegados e xustificadas, se é o caso, polas persoas aspirantes.

A valoración dos méritos farase de conformidade co baremo de méritos que se recolle no anexo III desta convocatoria.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus aspectos, na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

Serán de aplicación á fase de concurso os límites establecidos no anexo II da Orde do 28 de xaneiro de 2009 e no establecido nesta convocatoria.

Tendo en conta que á fase de concurso lle corresponderá unha porcentaxe máxima do 40% da puntuación máxima total, incluída a da oposición, para ponderar equitativamente os méritos tomarase como referencia ese máximo de puntos que os aspirantes poderían acadar, ao cal se lle outorgarían os catro puntos. Proporcionalmente, asignaráselle a puntuación a cada aspirante, aplicando a regra de tres simple e cun máximo de tres decimais sen redondeo.

. Fase de oposición. Esta fase será posterior á fase de concurso e constará de tres probas eliminatorias, de modo que non poderán pasar á seguinte as persoas aspirantes que non acaden a cualificación mínima establecida para cada unha delas. A orde na cal se deberán desenvolver é a seguinte:

1. Probas de avaliación dos coñecementos.
2. Caso práctico.
3. Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega (só para aquelas persoas que non puidesen acreditar documentalmente estaren exentas de realizala).

. Primeira proba. Proba de avaliación de coñecementos.

Nesta proba as persoas aspirantes deberán demostrar a súa preparación intelectual e o seu dominio dos contidos da totalidade do temario que figura no anexo II desta orde.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 120 preguntas tipo test máis 10 de reserva, determinadas polo tribunal, con 4 alternativas de resposta cada unha. As persoas aspirantes dispoñerán dun tempo máximo de dúas (2) horas para a súa realización.

O tribunal determinará o nivel de coñecementos exixido para acadar a puntuación mínima.

A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula: $N=(A-F/3)/12$, onde N é a nota final da proba; A son as preguntas acertadas; F son as preguntas falladas ou non contestadas.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do temario que no momento da publicación desta orde contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización da proba, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

O tribunal excluírá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado/a.

As decisións e os acordos que afecten a cualificación e a valoración das probas (determinación do número de preguntas correctas para acadar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes a que corresponden os resultados obtidos.

O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que esta proba sexa corrixida sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes.

As persoas aspirantes poderán levar a copia das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicárase o contido do exercicio e o cadro de respostas correctas na páxina web do concello.

Segunda proba. Caso práctico.

Consistirá na resolución dun caso práctico determinado polo tribunal e relacionado cos temas comprendidos no anexo II desta convocatoria no tempo máximo dunha (1) hora.

A continuación, as persoas aspirantes lerán o caso práctico ante o tribunal. Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado/a.

O tribunal determinará o nivel de coñecementos exixidos para acadar a puntuación mínima.

Os criterios xerais de corrección desta proba serán os seguintes:

1. O tribunal apreciará a aproximación á descrición e ao contido da normativa aplicable no esencial; esta puntuación incrementárase ou diminuírase na correspondente proporción en función da súa aproximación ao dito contido.
2. Terase en conta a concreción das respostas dadas, a motivación destas e o feito de completar todas as singularidades de cada resposta segundo o establecido na normativa reguladora que ampara as respostas de cada unha delas.

Terceira proba. Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega.

Nesta proba as persoas aspirantes deberán demostrar que comprenden correctamente o galego.

Estarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que estean en posesión do título Celga 4 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146, do 30 de

xullo), pola que se regulan os certificados oficiais xustificativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, ou norma que a substitúa.

As persoas non exentas realizarán esta terceira proba a continuación da segunda, e consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego e doutro texto do galego para o castelán. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de realizarse a proba.

O exercicio terá unha duración máxima dunha (1) hora.

O exercicio valorarase como apto/a ou non apto/a e para superalo será necesario obter o resultado de apto/a. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixidos para alcanzar o resultado de apto/a.

. Puntuación final da fase de oposición. A puntuación final da fase de oposición de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións da primeira proba (proba de coñecementos) e da segunda proba (caso práctico), sendo necesario acadar en cada unha das probas un mínimo de 5 puntos, así como obter a cualificación de apto/a na terceira proba (proba de avaliación da lingua galega) para superar o proceso selectivo.

Para ponderar esta puntuación en relación co 60 % da nota final que corresponde á fase de oposición, aplicarase a regra de tres simple, tendo en conta que á nota máxima que se podería acadar na oposición, que sería un 10, se lle outorgarían 6 puntos.

11.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A puntuación das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo virá determinada polo sumatorio da puntuación da fase de concurso e da fase de oposición. Todas as cualificacións obtidas polas persoas aspirantes se publicarán na páxina web do concello de Viveiro.

As puntuacións ponderadas, a do concurso e a da oposición, sumarían como máximo 10 puntos e nesa puntuación corresponde unha porcentaxe máxima do 40% ao concurso (4 puntos) e do 60% á oposición (6 puntos).

. Criterios de desempate. Tendo en conta que nos corpos da Policía Local de Galicia existe infrarrepresentación feminina, no suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis aspirantes, acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

a) Preferencia a favor da muller, en caso de empate, segundo o recollido no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, no cal, no caso de que houbese empate, resolverase a favor da muller.

b) Maior antigüidade na categoría e, de persistir o empate e resultar posible, na categoría inmediata inferior, e así de maneira sucesiva.

c) Puntuación máis alta referida aos méritos na epígrafe de formación profesional.

d) Titulación académica de maior nivel.

e) Sorteo, en caso de persistir o empate despois da aplicación dos criterios anteriores.

Alegacións. As persoas aspirantes poderán efectuar alegacións ás súas cualificacións en cada proba ou fase do proceso selectivo. Para estes efectos, concederase un prazo de cinco (5) días que se contarán desde a publicación da resolución do tribunal pola cal se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio

12.- PROPOSTA DE SELECCIÓN.

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso de promoción interna efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e na fase de oposición.

A persoa que ostente a Presidencia do Tribunal, á vista da lista das persoas aspirantes seleccionadas, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas. Dita proposta publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.viveiro.es e no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica. A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de persoas aprobadas, na que constará o/a aspirante seleccionado/a, que será publicada no Boletín Oficial da Provincia. Esta relación definitiva de persoas aprobadas conterá o nomeamento como persoal funcionario en prácticas para o proceso de acceso por promoción interna.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN POLA PERSOA ASPIRANTE SELECCIONADA.

13.1.- Documentación que o/a aspirante seleccionado/a terá que acreditar documentalmentemente mediante copias cotexadas (segundo o artigo da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou, se é o caso, orixinais.

O/A aspirante seleccionado/a presentará no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

a) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións a desempeñar.

b) Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

c) Copia cotexada ou copia auténtica do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente.

d) Copia cotexada ou copia auténtica da titulación académica esixida nas presentes bases ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados a que necesariamente acreditará o pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación; así como copia cotexada da documentación presentada para a xustificación dos méritos presentados para a fase de concurso.

e) Copia da tarxeta da Seguridade Social.

f) Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.

Esta documentación tamén poderá presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Se a documentación se presentase nas oficinas de correos, deberá facerse de acordo co artigo 31 do Real decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servizos postales.

13.2.- O prazo para presentar os documentos enumerados no párrafo anterior será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte a publicación da relación definitiva de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Esta relación definitiva de aprobados tamén será obxecto de publicación no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica, no taboleiro de anuncios e na páxina web.

13.3.- Se o/a aspirante, seleccionado/a, declarado aprobado na relación definitiva de aprobados, non presenta os documentos mencionados no punto 13.1 dentro do prazo indicado, salvo en caso de forza maior que deberá xustificar en devandito prazo, ou deles se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen haber incurrido por falsidade nas súas solicitudes de participación, procedéndose ao chamamento a favor da seguinte persoa aspirante con maior puntuación acadada no proceso, ditándose Resolución da Alcaldía ao efecto outorgando un novo prazo de vinte días hábiles á seguinte persoa aspirante con maior puntuación.

Da mesma forma procederase en caso de renuncia do/da aspirante proposto/a.

Unha vez presentada a documentación referida neste punto procederase a realizar o nomeamento como persoal funcionario en prácticas. Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, e inmediatamente antes do comezo do curso selectivo de formación, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas na categoría de oficial, mediante resolución da correspondente Alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP).

As persoas así nomeadas permanecerán na dita situación desde o comezo do curso selectivo ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do proceso.

O curso selectivo de formación o impartirá a AGASP e será convocado a través de resolución da Dirección Xeral da AGASP en que se indicará a data de inicio.

De non presentarse á toma de posesión neste prazo o/a aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites á seguinte persoa aspirante de maior de puntuación acadada no proceso.

14.- Curso selectivo de formación.

As persoas aspirantes aprobadas deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na AGASP como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de oficial, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 33.2 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, e nos artigos 32 e 56 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de desenvolvemento desta lei.

O curso terá unha duración de 250 horas lectivas e desenvolverase de xeito semipresencial na Agasp e consta de seis módulos: operativo, xurídico, técnico, administrativo, de comunicación e práctico.

Só estarán dispensadas de realizar o dito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na AGASP. En tal caso, serán nomeadas directamente persoal funcionario de carreira na categoría de oficial.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso de acceso por promoción interna.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na AGASP, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos acadados no proceso.

Aos funcionarios e funcionarias en prácticas seralles de aplicación o Regulamento de réxime interior da AGASP publicado mediante Orde do 4 de febreiro de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no DOG núm. 30, do 12 de febreiro, durante o seu curso de formación e o período de prácticas, e con carácter supletorio, cando os feitos non constitúan falta no dito regulamento, seranlles de aplicación as normas

do réxime disciplinario da Policía Local de Galicia recollidas na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, e normativa de desenvolvemento.

